

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Reunión da Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral**

No día de onte tivemos a reunión da Comisión Permanente da Mesa Xeral de Saúde Laboral onde se trataron os seguintes asuntos:

-Memoria de actuacións preventivas:

Entregouse unha Memoria bastante detallada de todas as Delegacións Especiais, na que como novidade se incorpora tamén unha relación de sinistros e das comunicacións de riscos realizadas. Neste apartado coméntase tamén que se avanzou moito na formación e-learning para delegados de prevención e EPIS, cursos dos que quedan por realizar dúas edicións mais.

En canto as actuacións preventivas realizadas mantense a tendencia do ano pasado, e no informe analizamos que hai un elevado número de incidentes no ámbito de Recadación e no Servizo de Vixilancia Aduaneira, motivado neste último caso, a maiores do tipo de traballo que se realiza, á elevada idade do persoal e a escasa reposición de persoal deste colectivo.

-Información sobre as fichas de requisitos técnicos de varios equipos de protección individual:

Entrégasenos catro novas fichas de equipos de autoprotección (máscara con filtro para gases e vapores, semimáscara autofiltrante, arnés anticaídas e casco de seguridade)

-Actuacións realizadas con Vixilancia Aduaneira:

A AEAT informounos que se está a buscar unha data disponible para avaliar o Fulmar e que aproveitarán o paso polo varadero do Petrel para introducir algunha mellora. Na nosa intervención, extensa, neste apartado, comentamos unha vez mais o noso desacordo co xeito de facer os cálculos de siniestralidade no ámbito de Vixilancia Aduaneira. Consideramos que para as estatísticas sexan fiables deben entregarse o datos co



Confederación Intersindical Galega

desglose de persoal embarcado e desembarcado dentro da área marítima de Vixilancia Aduaneira. O xeito de tomar os datos da siniestraliedade que fai a AEAT produce unha distorsión importantísima nas estatísticas que se nos entregan pois de coller os datos co persoal realmente embarcado a siniestraliedade sería moito máis alarmante do que xa é.

Outro dato a ter en conta e ao que non se lle presta a debida atención é que o 70% dos accidentes prodúcense en traballadores de 50 ou máis anos e, dentro do persoal marítimo, cando se están a realizar operación de maniobras na embarcación auxiliar ou actividades operativas dentro do colectivo C1.

Desde a **CIG** entendemos que a maior parte dos accidentes se deben á alta idade do persoal de Vixilancia Aduaneira, á predominancia de horarios nocturnos variables que se van dando durante a semana de traballo e na que se fai moi difícil un descanso adecuado polo continuo cambio de horario.

Aproveitamos a ocasión para solicitar que se poña en marcha a segunda actividade para este colectivo.

Denunciamos tamén a falta de resposta da AEAT ás denuncias presentadas por escrito pola **CIG** en relación ao clima de tensión creciente e a inseguridade das embarcacións de Vixilancia Aduaneira na zona do Estreito así como o incumplimento flagrante do Acordo Horario para Vixilancia Aduaneira na Rexional de Andalucía coa existencia de embarcacións do servizo que, sen reunir os requisitos necesarios, están a realizar navegacións de máis de 48 horas ininterrompidas con persoal que vai por distintas bases e sen cumprir os descansos obrigatorios.

Pedimoslle á AEAT que tome boa nota das nosas denuncias e que convoque de xeito inmediato a Mesa de Acordo Horario para Vixilancia Aduaneira así como unha Mesa Específica de Saúde Laboral para este colectivo.